

PLENO

ACTA 2019/05 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 30/04/2019

No salón de actos do Centro Cultural Fernando de Casas e Novoa , ás 09:30 horas, coa asistencia de:

- 1 Mirás Franqueira, Manuel – alcalde – (PSdeG-PSOE).
- 2 Leira Piñeiro, Antonio (PSdeG-PSOE)
- 3 Veiras Rey, Eduardo (PSdeG-PSOE)
- 4 Boo Martínez, Vanesa (PSdeG-PSOE)
- 5 Rodeiro Fernández, Beatriz (PSdeG-PSOE)
- 6 Liste Raña, María del Carmen (PSdeG-PSOE)
- 7 Doval Expósito, Alexander (PP)
- 8 Mosquera Boo, José Carlos (PP).
- 9 Mirás Liñares, Manuel Siverio (SON – ANOVA)
- 10 Diego Boquete Sánchez (BNG).

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación D. Federico Suárez Cancelo, e non asiste o Interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo. Non asisten igualmente de xeito xustificado D^a. Josefina Iglesias Blanco (PP) e D^a. Silvia Suárez García (PP) e Luís Rey Villaverde (PSdeG-PSOE).

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

ASUNTO ÚNICO: SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO E PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS DE 26 DE MAIO DE 2019, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

O alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

ASUNTO ÚNICO: SORTEO DOS MEMBROS DE MESAS ELECTORAIS PARA AS ELECCIÓNS AO PARLAMENTO EUROPEO E PARA AS ELECCIÓNS LOCAIS DE 26 DE MAIO DE 2019, CONFORME AO ARTIGO 26 DA LOREG.

O Sr. Alcalde cédelle a palabra ao Secretario da Corporación quen explica que se procederá á realización do sorteo dos membros que deben integrar as mesas electorais a través do programa informático subministrado polo Instituto Nacional de Estatística e que se procederá igualmente a sortear unha lista de reservas para poder substituír as posibles excusas e imposibilidades de notificación que se poidan producir respecto ao sorteo.

Seguidamente se procede a realizar o sorteo cos resultados que se anexan á presente acta.

Realizado o sorteo e lido os resultados do mesmo e non sendo outro o obxecto da presente convocatoria o Sr. Alcalde da por levantada a sesión cando son as 9:47 horas do día antedito, da que se estende a presente acta que se asina dixitalmente por ambos

O Alcalde – Presidente.
Manuel Mirás Franqueira

O Secretario.
Federico Suárez Cancelo.

PLENO